

Resolución do 10 de agosto de 2026, do Tribunal cualificador, pola que se procede á corrección dos resultados provisionais correspondentes ao proceso para ampliación de listaxes de contratación temporal na categoría de Redactor/a, convocado o 13 de xullo de 2026

Detectado un erro na transcripción das cualificacións correspondentes ás probas celebradas o 31 de xullo e na publicación do anexo correspondente aos bloques de preguntas da proba teórica e os dous supostos da proba práctica

RESOLVO

- I. Facer pública na páxina web da CSAG a puntuación provisional das probas con indicación da puntuación asignada en cada proba. As listaxes de puntuacións provisionais figuran como Anexo I desta resolución.
- II. Anexar os bloques de preguntas da proba teórica e os dous supostos da proba práctica.
- III. A data de realización da proba de locución será o día 15 de setembro de 2026 na sede da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia en San Marcos (Santiago de Compostela) ás 10:00 horas.
As persoas aspirantes deberán estar a esa hora na entrada das instalacións da CSAG e presentar o DNI ou outro documento acreditativo da súa identidade.

Segundo o establecido na convocatoria e para as persoas que sufriran alguna modificación nas súas cualificacións, ábrese o prazo de alegacións fronte a estes resultados provisionais das probas, de cinco (5) días naturais, que comezará a contar a partir do día seguinte ao de publicación desta resolución e que se deben enviar ao enderezo electrónico proceso.selección@crtvg.gal.

O presidente do tribunal

Alejandro López Carballeira

ANEXO I

Apelidos e nome	Código	Proba teórica 25 puntos	Proba práctica			Total	Proba galego
			Boletín informativo 25 puntos	Estratexia difusión dixital 25 puntos	Locución 25 puntos		
ÁLVAREZ GONZÁLEZ, ALEJANDRO	1183	12,75	21,3	13,8		47,8	
ARIAS ARMESTO, NATALIA	1050	11,25	20,4	18,8		50,4	
BARREIRO ARESES, PATRICIA	3503	13,00	19,7	12,5		45,2	
BLANCO FRADE, MARÍA	1284	13,25	18,0	15,5		46,8	
CANCELO TOJA, TANIA	1142	15,25	21,0	23,5		59,8	
CASTRO GASPAR, IAGO	7889	4,75	16,3	4,8		25,8	
CASTRO MOREIRA, NURIA	7381	19,50	16,9	14,0		50,4	
CHACÓN RAMOS, CRISTINA	9418	4,50	18,7	7,8		31,0	
COBIÁN POUTÓN, ALBA	5565	8,75	20,2	7,8		36,7	
COLLAZO DAVILA, ALEXIA	9640	9,25	17,5	13,8		40,5	
COLLAZO IGLESIAS, XAVIER	9617	9,00	19,9	9,5		38,4	
CRESPO BRIS, JAIME	4363	13,00	20,0	0,0		33,0	
DAPIA FREITAS, MARÍA	8404	13,25	19,6	15,5		48,4	
DEL RIO SIEIRA, JUAN MODESTO	8786	16,25	21,0	12,8		50,0	
DIEGO FERREIRA, JOSÉ MANUEL	1073	12,75	20,2	15,5		48,5	

FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, DAVID	5355	10,50	20,4	9,0		39,9	
GARCÍA CONDE, MANUEL	7528	11,00	20,1	7,8		38,9	
GARCÍA LÓPEZ, LUIS	6259	10,00	17,9	4,5		32,4	
GÓMEZ LOURIDO, VANESA	1072	8,75	16,0	0,0		24,8	APTA
GOSENDE SEÑORÍS, IRIA	1172	10,75	20,1	14,0		44,9	
GUTIÉRREZ SILVA, AROA	1113	6,25	21,5	15,5		43,3	
IGLESIAS HERVELLA, KELLY	1279	7,75	17,2	3,3		28,2	
IGLESIAS VEIGA, NOA	1278	10,50	18,4	12,3		41,2	
JUNQUERA PAZOS, LUCÍA	5900	6,50	21,2	17,3		45,0	
LÓPEZ LÓPEZ, SILVIA	4250	12,75	19,8	23,5		56,1	
LÓPEZ PIÑÓN, UXÍA	7557	13,75	21,4	12,5		47,7	
LÓPEZ VÁZQUEZ, ÓSCAR	1074	11,50	17,9	15,5		44,9	
MICHELENA MONTES, CRISTINA	1156	13,75	20,2	20,5		54,5	
NIETO MERINO, INÉS	1054	18,25	20,0	23,5		61,8	APTA
OTERO RÚAS, MANUELA DEL MAR	3558	12,25	19,1	23,5		54,9	
PENEDO LÓPEZ, ÁGUEDA	9843	8,50	18,3	18,5		45,3	
PÉREZ-LIRÓN MARTÍNEZ, JACOBO	1041	14,50	18,8	9,5		42,8	
PIÑEIRO CORDEIRO, SARA	9603	6,75	18,5	7,8		33,0	
RIELO LAMELA, PEDRO	1192	15,50	16,9	9,5		41,9	
RODRÍGUEZ POY, XOEL	1063	13,25	19,4	15,8		48,4	
RODRÍGUEZ REY, NOELIA	7248	11,00	18,9	12,8		42,7	

ROMERO RODRÍGUEZ, CRISTIAN	1261	9,25	20,2	9,3		38,7	
SALAZAR VÁZQUEZ, VALERIA ALEXANDRA	8977	8,25	18,2	11,0		37,5	
SANTOS DÍAZ, JAVIER	9334	13,00	20,9	21,8		55,7	
VILLAR RODRÍGUEZ, MIGUEL	1184	6,25	18,6	6,3		31,1	
REGO GONZÁLEZ, FRANCISCO	6940	12,00	NP	NP		12,0	

Cuestións de actualidade e outros contidos

I. Resposta breve

1. Que versión deu Adrián Parada tras ser detido pola morte do seu pai en Aguiño, en Ribeira, e que aspectos principais investiga agora a Policía Nacional?

2. Que beneficio obtivo BBVA no primeiro semestre de 2026, que nova medida de retribución ao accionista anunciou e que factores explican a mellora dos seus resultados?

3. Que datos de pasaxeiros, operacións e carga rexistraron os aeroportos galegos en xuño de 2026, como se ordenan entre eles e que posición aproximada ocupan na rede de Aena?

4. Que cinco entidades e personalidades foron galardoadas coas Medallas Castelao na edición de 2026?

5. Que seis equipos galegos competirán na tempada 2026-2027 nas máximas categorías nacionais de baloncesto, distinguindo entre Liga Endesa masculina e Liga Feminina Endesa?

6. Cal foi a última competencia transferida polo Estado a Galicia, cando se formalizou e desde cando é efectiva?

7. Que formación política ou situación de goberno ocupa actualmente a alcaldía dos seguintes concellos galegos: Narón, Oleiros, Monforte de Lemos, Viveiro, O Carballiño, Verín, Vilagarcía de Arousa e Redondela?

8. Indique o nome dos alcaldes das sete cidades galegas, o partido e a situación de goberno.

9. Indique o nome das persoas que presiden as catro deputacións provinciais galegas, o partido e a situación de goberno.

10. Indique o nome e o cargo de cinco conselleiros ou conselleiras do Goberno de Alfonso Rueda.

11. Que obxectivo marcou a Xunta para os orzamentos de 2027 e que teito de gasto aprobou?

12. Que bonificación universitaria se oficializou para o curso 2026-2027 e a quen vai dirixida?

13. Quen foi elixida reitora da USC en 2026 e que relevancia ten o nomeamento?

14. Segundo a Lei 7/2023, que se entende por acoso sexual?

15. Para que serve a visualización de datos no xornalismo e que riscos debe evitar?

16. Cal é a composición actual do Congreso dos Deputados por grupos parlamentarios?

17. Que grupos parlamentarios integran o Parlamento de Galicia e con cantos escanos conta cada un?

18. Que medida excepcional declarou a Xunta ante os danos causados polo xabaril en Galicia, cal será o seu ámbito e que actuacións permite?

19. Que cidade presentou Galicia como candidatura para acoller a sede da Axencia Estatal de Saúde Pública, cal foi o principal punto débil sinalado na súa candidatura e conta Galicia con algunha outra axencia estatal?

20. ¿Que xogadores incorporaron este verán o RC Celta e o RC Deportivo para reforzar os seus primeiros equipos?

Preguntas de reserva

1. Como se diferencia unha narrativa multimedia dunha narrativa transmedia?

2. Que cambio prepara a Xunta na normativa de titulacións universitarias e con que obxectivo?

II. Desenvolvemento

1. Analice a situación actual da automoción en Galicia a partir do proxecto anunciado por SAIC Motor e valore a súa relevancia para o sector industrial galego.

2. Analice o proceso de elección das sedes do Mundial de fútbol de 2030, indique en que países se celebrará o torneo e valore que papel pode desempeñar Galicia nese contexto.

3. Analice a candidatura de Lugo para acoller a Axencia Estatal de Saúde Pública, explique que factores pesaron na elección final da sede e indique se Galicia conta actualmente con algunha outra axencia estatal.

4. Analice a actual crise migratoria en Ceuta, explicando as causas que a provocaron, as medidas adoptadas polas administracións implicadas e as principais consecuencias políticas, xurídicas e humanitarias da situación.

5. Analice as novidades relativas aos indultos parciais aprobados polo Goberno no último Consello de Ministros, indicando a quen afectan, que penas se conmutan ou se manteñen e que explicacións ofreceu o Executivo.

Preguntas de reserva

1. Explique cando terá lugar o eclipse solar de 2026, como se distribuirá en Galicia a franxa de totalidade e que datos principais debe coñecer un xornalista para informar correctamente sobre este fenómeno.

2. Analice o ciclo electoral que afrontarán España e Galicia nos vindeiros anos. Indique cando se celebrarán as próximas eleccións locais, autonómicas galegas e xerais; identifique os principais candidatos ás eleccións autonómicas galegas e ás eleccións xerais e describa os principais fitos políticos que marcarán este ciclo electoral ata a celebración destes comicios.

PROBA DE ESTRATEXIA DIXITAL

Tema

Incendios forestais.

Contexto

Durante unha xornada de elevado risco de incendios forestais en Galicia, decláranse varios lumes activos en distintos puntos do territorio. A situación evoluciona ao longo do día e require unha cobertura informativa continua nun contorno dixital.

Exercicio

Deseñe unha estratexia de cobertura dixital para este acontecemento, adaptando os contidos ás diferentes plataformas dixitais da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (CSAG).

Na súa proposta deberá xustificar:

- os contidos que considera prioritarios;
- a organización da información;
- a adaptación das mensaxes aos distintos soportes seleccionados.

A súa proposta deberá incluír, cando menos:

- o enfoque e a estrutura da cobertura;
- as plataformas dixitais que considera máis axeitadas para cada tipo de contido;
- os recursos multimedia que empregará;
- a planificación das actualizacións ao longo da evolución do acontecemento;
- as medidas que adoptaría para garantir a accesibilidade e o acceso á información.

